

# CHÉVERE

*(Premio Nacional de Teatro 2014)*

**AVANCENOVACREACIÓN20192020**

Estrea en xullo de 2019

# CURVA ESPAÑA

Idea e creación: Chévere

En escena: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira

Dramaturxia e posta en escena: Xron

Unha produción Chévere en coprodución con Teatros del Canal, Concello de Teo e MIT Ribadavia

## DISTRIBUCIÓN



Carlos Martínez Carbonell  
PROYECTOS CULTURALES  
Y DIST. ESPECTÁCULOS  
678 460 559  
cmcarbonell@cremilo.es  
www.cremilo.es

Carballeira San Lourenzo 38-39, baixo C. 15705 Santiago de Compostela.  
Tlf. 981594996. info@grupochevere.eu

# ANTECEDENTES

Nos últimos anos Chévere realizou unha serie de traballos que exploraron as posibilidades do teatro-documento e a memoria colectiva como desencadeantes dunha ficción teatral. **Citizen** (unha triloxía sobre a globalización a partir da historia de Zara e Amancio Ortega), **Eurozone** (unha sátira política sobre o fracaso de Europa e o atraco das elites en forma de crise económica) ou **Eroski Paraíso** (unha comedia documental sobre a transformación do noso xeito de vida e sobre a posibilidade de manter a esperanza), son obras que se puideron ver nos primecipais escenarios de 13 comunidades autónomas. O ano pasado Chévere levou a cabo a súa particular inmersión no universo de Valle Inclán cunha versión libérrima e sorprendentemente dura de **Divinas Palabras**, producida polo Centro Dramático Galego e que tamén se puido ver no Teatro Español de Madrid.

# AGORA

**Chévere inicia un novo proceso de creación.** Non é doado. Están pasando moitas cousas e hai moita xente falando ao mesmo tempo. Miramos o mundo e o vemos coma se xa non fose cousa nosa. Coma algo que simplemente pasa diante de nós sen a nosta intervención. Fronte a certas cousas sentímonos enganados. Outras veces nos indigna o que está pasando. Preguntámonos por que a mentira é tan eficaz para encontrar explicacións simples a problemas complexos. Entón atopamos, un pouco por casualidade, a idea das alternativas infernais exposta por Isabelle Stengers e Philippe Pignarre, e nos agarramos a ela para entender que a resposta axeitada non é buscar a verdade fronte á mentira ou escoller o mal menor, porque non se trata de mentiras senón de feitizos. O feitizo manténnos atrapados e bloqueados coma espectadores pasivas. Para saír desa encrucillada temos que crear un contra-feitizo, unha situación de loita. Iso é o que para nós significa iniciar este proceso: abrir unha situación de loita para pensar en voz alta e aprender en compañía a crear maneiras distintas de ver a realidade, a ver o mundo por nós mesmos.

Coma outras veces, **partimos dunha historia moi local**, un relato que se transmitiu de xeración en xeración durante case cen anos e ao que nos achegamos con todo o coidado do mundo. Para iso nos documentamos en arquivos ou bibliotecas, apalpando papeis ou tirando de fíos dixitais. Entrevistamos a persoas que investigaron eses feitos antes que nós. Recollemos in situ os testemuños da xente, os seus recordos e as súas palabras. Organizamos o rexistro de todo este traballo en gravacións sonoras ou en vídeo. E con todo este material meterémonos no local de ensaios para darlle forma teatral. Poñer a historia a proba, reconstruír as voces dos seus protagonistas cos nosos actores e actrices, crear situacións ao seu arredor, escribir sobre a marcha e a pé de escenario o que teñen que dicir. Gústanos poñer a idea en movemento sabendo de onde partimos, pero sen saber exactamente a onde chegaremos.

# ALTERNATIVAS INFERNAS

As **alternativas infernas** son esas falsas dicotomías nas que en realidade nada se escolle, malia a súa lóxica aparentemente aplastante: menos salario ou máis despidos, seguir contaminando ou acabar co progreso e o benestar, frear a inmigración ou quedar sen asistencia social, producir alimentos transxénicos ou provocar a fame, vender armas a dictaduras ou perder empregos, favorecer a caza ou abandonar o medio rural, manter a unidade de España ou provocar o caos... Diante destas dicotomías apenas parecen viables dúas repostas: ou a denuncia indignada de todo o sistema (Todo é unha merda! Non hai solución!) ou a resignada aceptación daquilo que parece imparabile (Seguro que todo se amaña! Alguén saberá reconducir esta situación!).

A partir destas dúas actitudes fronte a vida, construiremos o perfil dos personaxes coma se fosen avatares, en cuxo anonimato enfurecido nos poderíamos agochar calquera de nós: @todoseamañará @istoéunhamerda @mullercabreada...

# ACURVANAQUE SEMATOU ESPAÑA

Aínda que o título por si mesmo ten a forza dunha metáfora para suxerir o que cada quen queira imaxinar, a Curva España existe. Está na antiga estrada da Gudiña a Verín, na provincia de Ourense. Hai décadas que por alí non pasa o tráfico, pero a xente a segue chamando así en lembranza de José Fernández España, un enxeñeiro que morreu en 1927 nese mesmo lugar ao caer o seu coche por un barranco, cando realizaba o deseño do trazado da variante sur (tamén chamada Variante André) da liña ferroviaria Puebla de Sanabria-Ourense. Despois da súa morte, a opción sur por Verín, Xinzo e Allariz desaparece e as obras se desenvolverán durante os seguintes trinta anos polo Macizo Central ourensán, cun enorme custe tanto económico como de vidas humanas, prolongando o atraso e illamento de amplas zonas de Galicia.

Por que se optou polo trazado máis caro e difícil de todas as liñas españolas? Por que se volve facer o mesmo cen anos despois co AVE? Por que se deixou para sempre sen conectar a parte habitada, produtiva e fronteiriza deste territorio? É posible que as respostas que atopemos nos axuden a entender mellor como se construe un país, quen decide por onde pasa unha estrada ou a vía do tren ou o tipo de conexións que poderemos ter cos nosos veciños, a onde chegaremos antes ou a onde chegaremos máis e por onde o faremos. Nesta zona a resposta do pobo foi construír unha lenda arredor da morte do enxeñeiro España: mandáronno matar os señoritos da comarca porque non querían que o tren pasase polas súas terras ou trouxese competencia para os seus produtos. Por iso nunca chegou o tren.

Á luz dos feitos que foron comprobados e confirmados, esta non é a verdade. Pero a quen lle importa? A lenda podería actuar coma un contra-feitizo xerado para cambiar o punto de atención, dando resposta a unha pregunta que nunca foi formulada: Por que non chegou o tren? Ou ben podería ser unha resposta intencionadamente simple a un problema demasiado complexo no seu momento, quizáis tanto que por iso é preferible conformarse cunha historia que nos lexítima como comunidade porque a construímos entre todos.

O que fixemos foi ir ata alí para preguntarlles que é a Curva española, que lles contaron sobre a morte do enxeñeiro, que saben sobre a construción dun tren que nunca chegou a pasar por alí, como afectou isto ás súas vidas, que significa quedar esquencidos nunha curva da Historia. Os seus testemuños serán o punto de partida desta obra, a historia da curva na que se matou España. Porque o teatro segue sendo un asunto entre persoas de carne e oso

e ao mellor podemos crear un espazo de calma no medio deste mundo de pesadelo para abordar un debate que habitualmente se resolve a berros e con paus de bandeiras. Que é España? É máis ben unha curva ou unha liña recta? Un accidente ou un asasinato?

# CHÉVEREBIO

Chévere é unha compañía de axitación teatral con 30 anos de traballo ao lombo, que soubo manter con naturalidade unha proposta tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural. En 2014 recibiu o Premio Nacional de Teatro.

Dende 1988 Chévere actuou en centos de vilas e cidades de toda Galicia, España, Portugal e outros países europeos, latinoamericanos e africanos. Chévere fixo espectáculos de moi diferentes estilos e formatos e traballou en espazos pouco convencionais: na rúa, en barcos, aeroportos, carpas de circo, escaparates, ríos, portos, radios, bares, aulas... Usando o humor como filosofía e a risa como expresión, as súas obras levan ao palco os debates do presente, documentándoos escénicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Exemplos deste *modus operandi* foron recentemente obras como Eroski Paraíso (2016), Testosterona (2009), a triloxía Citizen (2010-2011), Eurozone (2013), Ultranoite no País dos Ananos (2014) ou As Fillas Bravas (2015).

Chévere creou a **Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa** en 1992, un espazo cultural independente situado no barrio de San Lourenzo en Santiago de Compostela, ocupándose da dirección artística ata o seu peche a finais de 2011, precipitado pola persecución do goberno local do PP. Alí mantivo o seu cuartel xeral durante 20 anos, servindo de base a gran parte da produción cultural da cidade e a infinidade de proxectos escénicos, grupos e autores que representan a creación máis arriscada deste período en Galicia, España e Portugal.

Nos últimos anos Chévere diversificou o seu teatro de operacións, como resposta á complexidade actual dos procesos creativos e á crise de financiamento da cultura. Participou en proxectos audiovisuais como Pepe O Inglés (serie emitida en TVG), Crebinsky, o filme (longametraxe en cine) ou A Viaxe dos Chévere (documental). Executou innovadores proxectos de creación en internet como Amores Prohibidos 2.0, xunto a un grupo de adolescentes. E converteu o seu teatro nunha ferramenta de divulgación, sensibilización e comunicación transversal a moitos sectores da sociedade (divulgación científica, promoción do comercio retailista, sensibilización sobre temas de igualdade e violencia machista).

Desde 2012, Chévere desenvolve un proxecto de residencia teatral no Concello de Teo (A Coruña), un modelo experimental de relación público-privado que ten como obxectivos fixar o funcionamento dunha compañía de teatro a un espazo estable implicándose nunha contorna local para mellorar o uso dos espazos públicos, favorecer a estabilidade laboral dos profesionais do teatro e capitalizar o prestixio e o *know how* dunha compañía como Chévere en beneficio da comunidade que a acolle.

En 2015 a compañía puxo en marcha a Berberecheira, unha iniciativa de custodia do territorio teatral para sementar proxectos escénicos de xestión colectiva que desbordan o núcleo estable da compañía, un laboratorio de creación sustentado en redes de cooperación, un lugar de encontro e diálogo entre creadores, públicos e outros axentes sociais e culturais. Desde entón sementáronse tres proxectos de teatro documental e autobiográfico: Goldi Libre (2016), de César Goldi. Salvador (2017), de Borja Fernández. Anatomía dunha Serea (2018), de Iria Pinheiro.

# OPREMIO NACIONALDETEATRO

**“Concédesse o Premio Nacional de Teatro, correspondente ao ano 2014, á compañía Chévere, pola súa coerente traxectoria de creación colectiva baseada en fontes do teatro documento e na súa transgresión de xéneros.**

O xurado salienta a súa verquente humorística e participativa, sempre conectada coa realidade social e económica, tal e como demostra nos seus últimos espectáculos Citizen, Eurozone e Ultranoite no País dos Ananos. Por outra parte, o xurado subliña que, tendo un forte compromiso con ámbito cultural galego, Chévere consegue unha crecente proxección internacional. Asemade, valora o achegamento do teatro a distintos colectivos sociais e ao ámbito pedagóxico, fomentando a participación cidadá, como se apreza na súa plataforma web [redenasa.tv](http://redenasa.tv)” (BOE, 19 decembro 2014)

O Xurado, presidido pola directora Xeral do INAEM, **Montserrat Iglesias**, coa vicepresidencia da subdirectora Xeral de teatro, **Cristina Santolaria**, estivo formado por **Gregoria Navarro** (Teatro Gayarre, Pamplona), **Itziar Pascual**, (a proposta do instituto de investigacións feministas da Universidad Complutense de Madrid), **Roberto Pascual** (MIT Ribadavia), José Manuel Sánchez (**Eusebio Calonge-La Zaranda**), **Salvador Sunyer** (Festival Temporada Alta) e **José Ramón Barea** (Premio Nacional de Teatro 2013).



# OEQUIPO CHÉVERE

## PATRICIA DE LORENZO

Actriz, cantante e vedette (A Coruña, 1971)

Inicia a súa traxectoria profesional en 1990. Desde entón traballa ininterrompidamente en diferentes disciplinas como teatro, música, dobraxe e audiovisual. En 1994 incorpórase ao grupo Chévere, onde ademais desenvolve outros labores de dirección, administración, produción e xestión da empresa. Participou como actriz en todas as montaxes do grupo Chévere desde 1994, destacando o seu traballo en **Annus Horribilis**, **Ana Pudor**, **Rio Bravo 02**, **Testosterona**, **Citizen**, **Eurozone**, **Ultranoite no País dos Ananos**, **As Fillas Bravas**, **Eroski Paraíso**, **Divinas Palabras Revolution**. Tamén traballou en obras doutras compañías como **Tristáns** (A Cappella o Muelte, 2000), **Teatro do aquí** (Rastros, de Roberto Vidal Bolaño, 1998), **Moucho Clerk** (O roixinol da bretaña, dirixida por Quico Cadaval, 1993), **Centro Dramático Galego** (Un refaixo para a Celestina, 1993. O incerto sr. Don Hamlet, de A. Cunqueiro, 1991 Yerma, de F. García Lorca, 1990), **Pifano** (Tatuaxe, 1992), **Elsinor Teatro** (A canción do deserto, 1989)

### Cine e televisión (selección)

Eroski Paraíso, longametraxe de Jorge Coira. 2019

A Viaxe dos Chévere, película de Alfonso Zarauza. 2017

Crebinsky, longametraxe de Quique Otero. 2009

Galatasaray-Dépor, longametraxe de Hannes Stöhr. 2005

Lágrimas Negras, longametraxe de Ricardo Franco. 1998

As xoias da señora Bianco Nero. Curtametraxe de Jorge Coira. 1993

Pepe o Inglés. Serie TVG (28 capítulos, 2005-2006).

A vida por diante. SerieTVG (2005).

Eureka Capítulo piloto. Unha produción para CTV (2002).

Terras de Miranda. Serie TVG (2002-2003)

### Música

Solista do coro A Rá, Coro de cor.

Solista da Banda da Nasa.

Compoñente do quinteto vocal Tristáns 1998-2002.

Colaboracións con Sumrrá. Jazz. 2001.

La Tirana. Boleros e Bossa Nova. 2003

### Premios

Premio María Casares mellor actriz protagonista Eroski Paraíso, Citizen. 2017. 2012

Premio María Casares mellor actriz secundaria por Eurozone. 2014

Premio Maruxa Villanueva. 2013

Premio mellor actriz protagonista, FETEGA Carballiño por Testosterona. 2009.

Premio "El Correo Gallego" mellor interpretación feminina protagonista. 1995

Premio "María Casares" mellor interpretación feminina protagonista. 1999

Nominación a mellor actriz de reparto "Mestre Mateo" 2003, por Terra de Miranda (TVG).

## MIGUEL DE LIRA

Actor (Lira, Carnota, 1964)

Membro fundador do **Grupo Chévere** (1987). Como actor traballou en teatro e cine baixo a batuta de directores como **Mario Gas, José Luis Cuerda, Hannes Stöhr, Alejandro Marzoa, Alfonso Zarauza, Roberto Vidal Bolaño, John Eastham, Enrique Urbizu, Erick de Bont ou Xesús Ron**. En 1992 participou na creación da **Sala NASA**. En 1998 converteuse nun dos actores máis populares da historia recente de Galicia co seu personaxe na serie de televisión Mareas Vivas. Algúns dos seus traballos máis recoñecidos como actor con Chévere foron en obras como **Rio Bravo** (1990), **Big Bang** (1992), **Annus Horribilis** (1994), **Máquina Total** (1994), **hero.es** (1999), **Tentacular** (2006), **Citizen** (2011), **Eurozone** (2013), **Eroski Paraíso** (2016), **Ultranoites** (1993-2018).

### Cine e televisión (selección)

Matadero (2017), serie de televisión. Antena 3  
 Dhogs (2016), longametraxe de Andrés Goteira  
 A Esmorga (2014), longametraxe de Ignacio Vilar  
 Los fenómenos (2013), longametraxe de Alfonso Zarauza  
 Somos gente honrada (2012), longametraxe de Alejandro Marzoa  
 No habrá paz para los malvados (2011), longametraxe de Enrique Urbizu  
 Mar Libre (2009), longametraxe de Dani de la Torre  
 Crebinsky (2009), longametraxe de Enrique Otero  
 Los girasoles ciegos (2008), longametraxe de José Luis Cuerda  
 Pedro e o Capitán (2008), longametraxe de Pablo Iglesias  
 El hombre de arena (2007), longametraxe de José Manuel González  
 Un franco 14 pesetas (2006), longametraxe de Carlos Iglesias  
 Galatasaray-Dépor (2005), longametraxe de Hannes Stöhr  
 O lapis do carpinteiro (2003), longametraxe de Antón Reixa  
 Entre bateas (2002), longametraxe de Jorge Coira  
 Urxa (1989), longametraxe de Carlos Piñeiro  
 Mareas Vivas. Serie TVG (máis de 100 capítulos, 8 temporadas, 1998-2001)  
 Pepe O Inglés. Serie TVG (28 capítulos, 2 temporadas, 2005-2006)  
 Los hombres de Paco. Serie (2 temporadas, 2008-2010)  
 Periodistas. Serie (1999),  
 A vida por diante. Serie (2006)  
 O Códice. Mini-serie (2014)  
 Hospital Real. Serie (2015)

Por algún destes traballos foi premiado como mellor actor, destacando dous Premios Mestre Mateo por Crebinsky e Somos Gente Honrada ou por A Esmorga no Festival de Cine Español de Toulouse (2015).

## XRON

Actor, director e activista cultural (Vigo, 1965)

Intégrase no grupo **Chévere** en 1988, realizando labores de creación de textos, produción teatral, interpretación e dirección escénica. En 1992 participa na creación da **Nave de Servizos Artísticos-Sala NASA**, ocupándose da xerencia e dirección artística desde 1992 a 2011. Foi membro da xunta directiva da **Red de Teatros Alternativos** (1999-2003), de Escena Galega (2015-2018) e do **Consello Asesor do Centro Dramático Galego** (2006-2009). Entre 2002 e 2005 formou parte do Colectivo **Burla Negra** e da Plataforma **Nunca Máis**, participando na creación e desenvolvemento de proxectos de axitación cultural como “O País de Nunca Máis”, “Foro Negro da Cultura” e a película colectiva “Hai que botalos”. Formou parte do equipo de dirección do proxecto **A Cultura Circula** (2006), promovido pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. En 2010 participa na creación da plataforma dixital de contidos culturais en galego **Redenasa.tv**. Dirixe o programa de residencia teatral de **Chévere en Teo** desde 2012 e o laboratorio de creación escénica **A Berberecheira**. En 2015 exerce como coordinador do **Grupo de Trabajo de Cultura** da candidatura cidadá Compostela Aberta. Participou como poñente en diversos foros, encontros e congresos sobre teatro contemporáneo: UIMP (1988), FIT de Cádiz (1992, 1993), FIT de Londrina (Paraná, Brasil, 1994), Encontros sobre escrita dramática, Consello da Cultura Galega (1999), Festival Alternativo, Comunidad de Madrid (1999), Sitges Teatre Internacional (2000, 2002), Donostia 2016, Capital Europea da Cultura. Jornadas Inclusión Social y Educación (A Coruña, 2017)... Experiencia como instigador poético (1986-1990). Traballu como crítico de arte e publicou numerosos textos en catálogos, revistas e monografías.

Participou en todas as montaxes do grupo Chévere desde 1988, asumindo a responsabilidade da dramaturxia e dirección artística nos seguintes espectáculos:

A Rutina é o deber de todas as criaturas. 1998

hero.es. 1999

Casa Tomada. 2000

O Navegante. 2001

HumANA. 2002

Tentacular. 2006

Alá no fondo hai sitio abondo. 2007

Testosterona. 2009

Citizen. 2010-2011 (Premio María Casares mellor dirección e mellor espectáculo)

Amores Prohibidos 2.0. 2012

Eurozone. 2013

Sexo, mentiras e códigos calixtinos. 2013

As Fillas Bravas. 2014

Eroski Paraíso. 2016 (Premio María Casares mellor dirección e mellor espectáculo)

Chevereografías. 2017

Divinas Palabras Revolution. 2018

Como director escénico, tamén colaborou coa Compañía Nove Dous Teatro (1998), Cía. Trompicallo (2003) e Cía. Retrete de Dorian Gray (In Memoriam, 2015), César Goldi (Goldi Libre, 2016), Iria Pinheiro (Anatomía dunha serea, 2018).

# CHÉVERE

## TRAXECTORIA

### 1. PRODUCCIÓN ESCÉNICAS

- **DIVINAS PALABRAS REVOLUTION.** 2018. Versión libre do texto de Valle Inclán. Producción do Centro Dramático Galego.
- **I'LL BE WATCHING TWO.** 2017. Revisión e actualización da peza sobre violencia machista dirixida a público xuvenil.
- **CHÉVERE 3.0.** 2017. Maratón teatral para celebrar o 30 aniversario do grupo, 3 obras, 3 spazos, 3 décadas: Río Bravo+Annus Horribilis+Ultranoite no País dos Ananos.
- **CHEVEREOGRAFÍAS. COMPOSTELA 8717.** 2017. Roteiro guiado para pasear pola xeografía teatral de Chévere en Compostela.
- **CHELO. PASEO Nº 1.** 2016. Roteiro guiado para pasear e imaxinar o barrio da Magdalena de Ferrol.
- **EROSKI PARAÍSO.** 2016. Comedia documental.
- **AS FILLAS BRAVAS.** 2014. Cantos emancipatorios, sexualidade, relacións de xénero e roles da muller a partir do cancionero popular galego.
- **ULTRANOITE NO PAÍS DOS ANANOS.** 2014. Cabaré nihilista.
- **EUROZONE.** 2013. Espectáculo sobre a crise financeira e de soberanía na Unión Europea.
- **SEXO, MENTIRAS E CÓDICOS CALIXTINOS.** 2013. Teatro por habitacións, sobre o roubo do Códice Calixtino da Catedral de Santiago.
- **A VIAXE DAS CÁNDIDAS** (ultracatolicismo low cost). 2013
- **RETRATOS DE MULLERES SOAS.** 2012. Intervencións teatrais en escaparates contra a violencia de xénero.
- **AMORES PROHIBIDOS 2.0.** 2012. Teatro comunitario e transmedia a través de internet e redes sociais.
- **I'LL BE WATCHING YOU.** 2011. Espectáculo dirixido a público xuvenil para a prevención da violencia machista.
- **CITIZEN.** 2010/2011. Triloxía sobre a globalización e o fenómeno Zara.
- **TESTOSTERONA.** 2009. Espectáculo sobre identidades múltiples e construción de xénero.
- **S.O.S. PLANETA TERRA.** 2008. Cabaré científico sobre as ciencias que tratan de salvar o planeta Terra para a Semana da Ciencia 2008.
- **O COMBATE DA LINGUA.** Peza para público infantil sobre o impacto das políticas da Xunta na lingua galega. Correlingua 2008.
- **UNHA NOITE CHÉVERE NA CASA DAS CAMPÁS.** Espectáculo adaptado ao edificio da Casa das Campás, Pontevedra abril 2008.
- **ULTRANOITE GASTRONÓMICA.** Espectáculo de cabaré encargado para o Fórum Gastronómico Santiago 2008.
- **ALÁ NO FONDO HAI SITIO ABONDO.** 2007. Espectáculo sobre nanotecnoloxía para a Semana da Ciencia 2007.
- **TENTACULAR.** 2006. Espectáculo musical, teatral, circense e audiovisual con participación de 42 artistas.
- **ESCAPÁRATE** (teatro en escaparates comerciais). 2003. 2010. 2012
- **RÍO BRAVO 02** (grelo-western). 2002. Remake teatral.
- **HUMANA** (café-cantante). 2002.
- **RADIO UNIVERSO** (teatro para radio). 2002 Espectáculo de teatro radiofónico sobre a primeira misión galega ao espazo exterior. 10 capítulos de 15 minutos emitidos por Cadena Noroeste.
- **O NAVEGANTE** (fantasía electrodoméstica). 2001

- **CASA TOMADA**. 2000 Producción de II Compostela Millenium Festival
- **CLOWNFUTBOL**. 2000 para “Compostela 2001 Capital Europea da Cultura”
- **hero.es** (falacia satírico-bucal). 1999
- **SHOW SINCERO DE ANA PUDOR** (café-cantante). 1999
- **A RUTINA É O DEBER DE TODAS AS CRIATURAS** (divertimento músico-estupefacto). 1998 para o “Festival de Ópera de Peto”
- **VALLE INCLÁN PIRATA** (espectáculo anfíbio). 1998. Co-producción con Trigo Limpo Teatro ACERT para a EXPO'98 de Lisboa
- **ÓRBITA MUTANTE** (pachanga teatral). 1997
- **CABO DO MUNDO** (variedades fantásticas). 1996
- **RESACA** (recital lírico). 1996 co-producción do Festival d'Ópera de Butxaca de Barcelona.
- **ANNUS HORRÍBILIS** (piccola ópera portátil). 1994
- **CABARET TAN TAN** (coffee-show). 1994.
- **MÁQUINA TOTAL** (sátira clown). 1994
- **BIG BANG** (musical eléctrico). 1992
- **LA VIE EN ROSE/A VÍA ROSA** (culebrón de calle). 1991 Co-producción do Festival Encontros No Camiño de Santiago
- **I CONGRESO INTERNACIONAL DE MONSTROS**. 1990 Co-producción del Festival Encontros No Camiño de Santiago
- **RÍO BRAVO** (grelo-western). 1990. O orixinal.
- **SALOMÉ** (melodrama-clip). 1989 Producido polo CDG
- **SUPERSÓNIC, O MAL NON ACOUGA** (teatro tebeo). 1988
- **SERVICIO DISCRECIONAL** (sketches de estrada). 1987

## 2. ONDE ACTUOU CHÉVERE

Teatro Central. Sevilla. 2018.  
 Teatro Español. Madrid. 2018  
 Festival Don Quijote. París. 2018  
 Muestra de Teatro Español de Autores Contemporáneos. Alicante. 2017  
 Teatro del Mercado. Zaragoza. 2017  
 Naves del Español, Matadero-Madrid. 2017  
 Festival Escenas do Cambio. Santiago de Compostela. 2017  
 Feria de Teatro de Castilla La Mancha. Albacete. 2017.  
 ArteMad, Feria de Artes Escénicas de la Comunidad de Madrid. 2017  
 Tercera Setmana Festival Internacional d'Arts Escèniques de València. 2016  
 Fóra do Mapa. Festival de Artes Escénicas de Ferrol. 2016.  
 Dferia. Feria de Artes Escénicas de Donostia. 2016.  
 Teatro del Barrio. Madrid. 2016, 2017.  
 Festival Internacional Mercosur (Córdoba, Argentina). 2015  
 Gira AECID por Latinoamérica. Uruguai, Arxentina. 2015  
 Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (Ourense). 2017. 2016. 2015, 2011, 2003, 1997, 1994  
 Mostra de Teatro de Cangas. 2017. 2016. 2014, 2013. 2003, 1999, 1991.  
 Festival Internacional de Teatro de Ourense FITO. 2016. 2014, 2013.  
 Centro Niemeyer (Avilés). 2014.  
 Festival Internacional Outono Teatro (Carballo). 2013.  
 Temporada en Madrid en el Centro Dramático Nacional CDN, Teatro Valle Inclán, Sala Francisco Nieva. 2013  
 Festival Escena Contemporánea (Madrid) 2013  
 Festival Temporada Alta (Girona). 2012  
 FINTA. Festival Internacional de Teatro ACERT. Tondela (Portugal). 2013, 2002, 2001, 1997, 1996  
 Red de Teatros Alternativos (gira por salas de toda España). 2011, 2009.  
 Festival Visible (Madrid, A Coruña). 2010  
 ESOF Euroscience Open Forum (Barcelona) 2008  
 A Cultura Circula (festival itinerante por varias cidades galegas). 2006  
 Por los Caminos de Santiago (Santiago de Cuba). 2004

IX Festival de las Autonomías, Círculo de Bellas Artes (Madrid). 2003  
 3º Festival Internacional de Teatro Cómico da Maia (Portugal). 2003, 1997  
 III Millenium Festival.(Santiago de Compostela) 2000.  
 XI Festival La Alternativa (Madrid) 2000.  
 Festival Internacional Fazer a Festa (Porto) 2002, 2000, 1999  
 Diáspora Encuentro Internacional de Artistas Ciudad de Oviedo. 1999  
 Expo '98 (Lisboa)  
 Fira de Teatre de Tárrega (Lleida). 1997  
 Encuentros de Teatro en Asturias, Gijón. 1997  
 9º Festival de Teatro da Guarda (Portugal). 1997  
 TRAVESSIAS (Maputo, Moçambique). 1997  
 IV Muestra de Teatro Español de Autores Contemporáneos. Alicante. 1996  
 Festival d'Òpera de Butxaca. Barcelona. 1996, 1997  
 Festeixo. Viana do Castelo (Portugal). 1996, 1997  
 Festival de Teatro de Portalegre (Portugal). 1995  
 Marató de l'Èspectacle de Barcelona. 1995  
 FITEI. Porto.1995, 1991  
 FILO. Festival Internacional de Londrina (Brasil). 1994  
 CumplicIDADES. Mostra de Teatro Ibérico e Expressions Artísticas Portuguesas. Recife, Natal, Joao Pessoa, Aracajú, Fortaleza (Brasil). 1993  
 Feria de Teatro en el Sur. Palma del Río (Córdoba). 1993  
 XX Jornadas de Teatro de Langreo (Asturias). 1993, 2003  
 Festival de Otoño. Madrid. 1993  
 IX International Festival of streer Theatre. Jelenia Gora (Polonia). 1991  
 XIV Festival de Teatro de Eibar (Euskadi). 1991  
 Encuentros Europeos no Camiño de Santiago. Santiago D.C. 1990, 1991  
 IV Festival Nacional de Teatro de Mljas (Málaga). 1990  
 Festival Internacional de Teatro Infantil. Acción Educativa. A Coruña. 1990

Fóra de festivais, xa sexa en tempada ou puntualmente, CHÉVERE ten presentado os seus espectáculos en distintas cidades: Buenos Aires (Argentina), Montevideo (Uruguay), Lisboa (Portugal), Porto (Portugal), Viseu (Portugal), Madrid, Barcelona, Sevilla, Palma de Mallorca, Bilbao, Valladolid, Vitoria, Valencia, Zamora, Pamplona, Donosti, Logroño, Granada, Zaragoza, Ciudad Real, Badajoz, Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña, Pontevedra, Ourense, Lugo, Ferrol, Vilagarcía...

### **3. ALGÚNS PREMIOS**

Premio Nacional de Teatro 2014  
 Premio da Crítica Galicia. 2011  
 Premio de Honra Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. 2012  
 Premio de la Crítica de Barcelona. 1996  
 Premio á mellor obra de teatro editada (Río Bravo) 2018-11-22  
 Premio FTV de integración nas artes escénicas 2018 da ONCE  
 Premios María Casares:

Premio de Honra Marisa Soto (2012)  
 Mellor espectáculo (2012, 2014, 2017)  
 Mellor dirección (2012, 2017)  
 Mellor actriz protagonista (2012, 2017)  
 Mellor actriz secundaria (2014)  
 Mellor actor secundario (2015)  
 Mellor música (2015, 2017)  
 Mellor texto (2015)  
 Mellor iluminación (2014)

### **4. BERBERECHEIRA**

A Berberecheira é un proxecto de custodia teatral promovido por Chévere, un espazo para sementar proxectos escénicos de xestión colectiva que desbordan o núcleo estable da compañía, un laboratorio de creación sustentado en redes de cooperación, un lugar de

encontro e diálogo entre creadores, públicos e axentes culturais co obxectivo de ampliar a documentación escénica de feitos e historias que conformaron e seguen dando forma ao mundo no que nos tocou vivir, contados en primeira pesoa como parte dun proxecto de teatro testemuñal.

- **GOLDI LIBRE.** 2016. César Goldi. Autorretrato dun insubmiso preso nos cárceres de Felipe González.
- **SALVADOR.** 2017. Borja Fernández. Investigación sobre a emigración desde o ámbito da memoria familiar.
- **ANATOMÍA DUNHA SEREA.** 2018. Iria Pinheiro. Testemuño escénico contra a violencia obstétrica.

## **5. PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS**

- **EROSKI PARAÍSO, O FILME.** 2018.
- **A VIAXE DOS CHÉVERE.** 2014. Filme documental dirixido por Alfonso Zarauza.
- **O PLAN B.** 2013. Capítulo piloto dunha serie para a TVG. Idea, guión e dirección de actores
- **Arrobaemprende.** 2011. Creación e produción dun vídeo didáctico sobre emprendemento. Cliente: IGAPE, Xunta de Galicia
- **EUREKA, os casos de Arquímedes Maceira.** 2010. Creación e produción de tres vídeos didácticos sobre emprendemento. Cliente: IGAPE, Xunta de Galicia.
- **DERRADEIRAS CHAMADAS.** 2009. Creación e produción dun vídeo de márketing viral para internet. Cliente: Dinahosting S.L.
- **CREBINSKY, O FILME.** 2008-2009. Co-produción desta longametraxe, distribuída en salas en 2010-2011.
- **I+D+i.** Novembro 2008. Varias pezas didácticas sobre os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación.
- **@LIZA.** 2007. Programa piloto para unha serie de humor e divulgación científica e cultural.
- **PEPE O INGLÉS.** Serie para a TVG. Dúas temporadas, 28 capítulos, 2005-2006.
- **EN PLAN GALICIA, A DÚAS VELAS.** Abril-maio 2005. Creación e produción de dúas curtametraxes incluídas na película colectiva "Hai que botalos".

## **6. FORMACIÓN**

- **SOUNDPAINTING TEO.** Programa de formación, participación e inclusión arredor das artes vivas para persoas usuarias de ASPAMITE, veciñanza e artistas vencellados a Chévere. Teo 2016-2017.
- **PRÁCTICA TEATRAL PARA PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS VENCELLADA A EROSKI PARAÍSO.** Obradoiro. Naves de Matadero, Madrid. Novembro 2016.
- **EROSKI PARAÍSO, COLECTIVIZAR A MEMORIA.** Obradoiro nas VIII Xornadas sobre a Inclusión Social e a Educación nas Artes Escénicas. Kiosko Alfonso, A Coruña, abril 2016.
- **PRÁCTICAS DE CREACION CON CHÉVERE.** Obradoiro arredor de Eroski Paraíso para actores e actrices menores de 25 anos. C.C. Constantino Liste, Ramallosa Teo, 22, 23 decembro 2015.
- **OBRADOIRO DO ESPECTADOR.** Obradoiros de alfabetización teatral para adultos. CSCM O Ensanche, CSCM José Saramago, Santiago de Compostela, 2009/2011. Concello de Teo, diversas parroquias, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016; concello de Carballo 2012; concello de Oleiros 2012, 2013; concello de A Coruña 2012.
- **BERBERECHÉVERE.** Concello de Teo. Agosto 2012. Campamento urbano de artes escénicas para cativos.
- **NANONASA.** Sala NASA; Santiago. 2011, 2010, 2009. Campamento urbano de artes escénicas para cativos.

- **SER HOME POR UN DÍA.** 14 obradoiros sobre identidade e construción de xénero na Rede Galega de Centros I+B (Dodro, Sober, Monforte, As Pontes, Carballo, Ponteceso, Gondomar), en 2008 e outros 10 obradoiros en varios concellos, teatros e universidades en 2009-2010. Clientes: Secretaria Xeral da Igualdade, Xunta de Galicia, Concellos, Universidade de Vigo, Universidade da Coruña.

## **7. PRODUCCIÓN DE EVENTOS CULTURAIS**

- **BRAVAS E DIVERSAS.** 2017. Proxecto para a celebración do Día Internacional da Muller.
- **PREMIOS MARÍA CASARES.** 2016. Guión, dirección e realización da gala de entrega de premios. Cliente: Asociación Actores e Actrices de Galicia.
- **PREMIOS DA MÚSICA GALEGA.** 2013. 2014. Guión, dirección e presentación da gala de entrega dos premios. Cliente: Asociación Galega de Músicos Ao Vivo.
- **CACHEIRAS NADAL COMEDY.** Roteiro teatral polos comercios de Cacheiras con participación de veciñanza e comerciantes. Teo 2014, 2013.
- **INNOESCENA.** Auditorio Centro Cultural Caixanova, Vigo, 2008. Cliente: Fundación Innovapyme. Diseño, dirección artística e produción dun proxecto escénico para a divulgación da I+D+i entre adolescentes de 14 a 17 anos.
- **CULTURGAL.** Palexco, A Coruña, 2008. Cliente: Culturgal, Feira da Cultura Galega. Guión e presentación da gala de clausura.
- **INTERZONAS.** Casa das Campás, Pontevedra, 2008, 2010. Cliente: Universidade de Vigo, Vicerrectorado do Campus de Pontevedra. Deseño, dirección artística e produción dun programa de artes escénicas contemporáneas.
- **REVISTA GALEGA DO AUDIOVISUAL.** Hostal dos Reis Católicos, Santiago, 2007. Cliente: Pórtico Producións e Consellería de Presidencia. Creación e realización dun sketch teatral para o acto de presentación de a revista.
- **KEKO E A ECOPANDA.** Centro Galego de Arte Contemporánea CGAC, Santiago de Compostela, 2007. Cliente: Consellería de Medio Ambiente. Creación, deseño e realización da gala de entrega de premios aos centros escolares e estudantes participantes.
- **CURTOCIRCUÍTO** 2006 y 2007. Teatro Principal, Santiago de Compostela. Cliente: Ficción Producións e Incolsa. Creación, deseño e realización da gala de entrega de premios do Festival Internacional de Curtametraxes de Santiago de Compostela.
- **IV PREMIO GALIZA INNOVACIÓN JÚNIOR** 2006. Teatro Principal, Santiago de Compostela, 2006. Cliente: Direccións Xeral de I+D+I. Creación, deseño e realización da gala de entrega deste premio.
- **A CULTURA CIRCULA.** Abril-junio 2006. Cliente: Consellería de Cultura, Consellería de Innovación e Industria-Xacobeo e Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Diseño, co-dirección e realización dun proxecto cultural para a promoción da creación artística galega e a difusión cultural fóra dos circuitos habituais, visitou 7 comarcas e 24 cidades durante 5 semanas, 31 días con actividades. 409 persoas participantes (artistas, técnicos, monitores). 50 empresas participantes.

## **8. ASISTENCIA TÉCNICA-ASESORAMENTO**

- **XABARÍN CLUBE.** Asistencia técnica para a creación, guión e dirección escénica do novo espectáculo do programa infantil da televisión galega "Xabarín Clube". 2008.
- **MOV-S,** espazo para o intercmabio internacional da danza e as artes de movemento, Illa de San Simón, 2008. Participación de Xesús Ron como ponente e membro da equipa de asesoramento do Centro Coreográfico Galego.
- **IETM TANSANTÁBRICA** (International European Theatre Meeting). Participación de Xesús Ron no equipo de asesoramento para a realización dunha visita de programadores europeos a Galicia organizada polo Centro Coreográfico Galego.
- **CDG.** Participación de Xesús Ron no Consello Asesor do Centro Dramático Galego (2007-2009).



- **OMEGA-FESTIVAL VIBRACIONAL.** Asesoramiento técnico e artístico para a Orquestra de Música Espontánea de Galiza (2007-2009) e para o Festival Vibracional, Santiago de Compostela, 2009.
- **A MERCÉ DAS CIRKUNSTANZIAS.** Asesoramento técnico para a produción do proxecto Fiando o Caos, dirixido pola coreógrafa Mercé de Rande.

## 6. XESTIÓN DUN TEATRO PRIVADO PROPIO

No ao 1992 CHÉVERE promove a creación e posta en marcha da Nave de Servizos Artísticos-NASA, un teatro privado que funcionou ininterrompidamente desde outubro de 1992 a setembro de 2011. Neste espazo a compañía Chévere estreou e permaneceu en temporada con todos os seus espectáculos desde 1992. Ademais, a NASA actuou como soporte e plataforma para a escena contemporánea galega, española e portuguesa, e foi un escenario fixo do círculo de música independente en España.

## 7. EDICIÓNS/PUBLICACIÓNS PROPIAS: ULTRATEXTOS

- O MAL NON ACOUGA, xornal-programa de mano para o espectáculo Supersónico. 1.000 exemplares. 1988 (esgotado)
- RIO BRAVO, banda sonora orixinal do espectáculo, gravada nos Estudios Sitar de Pontevedra. Editada en mini LP 45 RPM. 1.000 copias. 1991 (esgotada)
- RIO BRAVO, fanzine sobre o espectáculo con fotografías, textos e banda deseñada. Edición propia, 1.000 exemplares. 1991 (esgotado)
- BIG BANG, banda sonora orixinal do espectáculo, gravada nos Estudios da Radio Galega. Editada en k-7. 1.000 copias (esgotada). 1993
- ANNUS HORRÍBILIS, libreto co texto completo do espectáculo, editado en colaboración con Edicións Positivas. 2.500 exemplares (esgotados). Unha edición (1994) e unha reimpresión (1996).
- RESACA, libreto co texto completo do espectáculo, editado en colaboración coa NASA. 500 exemplares. 1996
- A RUTINA É O DEBER DE TODAS AS CRIATURAS, colección de 12 postais con fotografías e textos do espectáculo. Editado en colaboración coa NASA. 300 exemplares. 1999 (esgotado)
- CLOWNFÚTBOL, álbum de cromos do espectáculo. Editado en colaboración coa NASA. 1.000 exemplares. 2000
- ANA PUDOR & JAVI ABRAIRA: SHOW SINCERO, banda sonora orixinal do espectáculo, gravada nos estudos da ACERT de Tondela (Portugal). Editado en colaboración coa NASA. CD. 500 exemplares. 2000
- 15 ANOS CHÉVERE, libro CD-Rom con textos, fotografías, vídeos e imaxe gráfica de todos os espectáculos do grupo Chévere. Editado en colaboración co Centro de Documentación Teatral de Galicia. 1.000 exemplares (esgotado). 2003.
- CITIZEN, libreto co texto completo do espectáculo. 600 exemplares. 2011 (esgotado)
- DE PARTO A OMEGA, 10 ANOS DE IMPROVISACIÓN LIBRE. Libro con DVD. Textos de Lloréns Barber e outros autores. Editado en colaboración coa Nasa. 600 exemplares. 2011.
- MÁIS ALÁ DA ULTRANOITE (crónica canalla do cambio de milenio 1993-2013). Libro-disco-DVD. 600 exemplares. 2014
- BERBERECHEIRA. Goldi Libre. Salvador. Anatomía dunha serea. 500 exemplares. 2019

## 9. BIBLIOTECA DE TEATRO DE KALANDRAKA EDITORA

- RIO BRAVO, texto completo da obra e anexo con imaxes. 1.500 exemplares. 2017
- ANNUS HORRÍBILIS E OUTROS MUSICAIS. Texto completo e fragmentos de varios espectáculos musicais, con anexo de imaxes. 2017
- EROSKI PARAÍSO. Texto completo da obra e anexo con imaxes. 2018
- CITIZEN. Texto completo da triloxía e anexo con imaxes. 2019

# CURVA ESPAÑA

PRODUCCIÓN



EN COPRODUCCIÓN



**TEATROS  
DEL CANAL**



MOSTRA  
INTERNACIONAL  
DE TEATRO  
DE RIBADAVIA



CONCELLO  
DE TEO

DISTRIBUCIÓN



## CONTACTOS

### PRODUCCIÓN

#### **CHÉVERE PRODUCCIONS S.L.**

Carballeira San Lourenzo 38-29 baixo C

15705 - Santiago de Compostela

981594996 (horario de mañana) / [info@grupochevere.eu](mailto:info@grupochevere.eu)

### DISTRIBUCIÓN CRÉMILO

#### **CRÉMILO. PROYECTOS CULTURALES Y DIST. ESPECTÁCULOS.**

**CARLOS MARTÍNEZ CARBONELL**

rúa Pena Corneira 5, 2º C

32005 OURENSE

678 460 559 / [cmcarbonell@cremilo.es](mailto:cmcarbonell@cremilo.es)

Web: [www.cremilo.es](http://www.cremilo.es)